

Queridos nenos e nenas de 1º de Educación Primaria,

Eu son Leo, a mascota da biblioteca. Escribovos porque Mariña díxome que sodes uns grandes investigadores e investigadoras e preciso da vosa axuda para que me axudedes a investigar.

Sabedes que o mar garda secretos maravillosos? Baixo as súas augas viven seres increíbles: dende peixes con formas e cores que nunca imaxinaríamos, ata enormes baleas e planas que danzan coa corrente. Alí, todo é diferente e cada ser ten o seu papel para que o océano funcione como unha gran familia.

E non só iso! Ademais de descubrir os misterios do océano, necesito que investiguedes sobre a alimentación e a importancia de coidar o que comemos para estar fortes e sans, como os peixes e as criaturas marinas.

Así que, grandes científicos e científicas, estades preparados e preparadas para descubrir o fascinante mundo do mar e dos alimentos? Se é así, dicídelles ao voso profesorado que queredes coñecer **A FÓRMULA DO SABER.**

Un abrazo cheo de misterios,

LEO
